



Ollos abertos

As nosas festas

Hai algúns días aos que lles damos máis importancia e celebrámoslos de xeito especial. Son os días de festa.

A festa	Que se celebra	Qué actividades se realizan
Na cuadrilla dos amigos		
Na nosa casa		
Na casa de familiares ou amigos		
No noso pobo ou parroquia		
Na zona onde vivimos		
Na nosa provincia		
Na nosa comunidade autonómica		
En España		

- ▶ ¿Que festas che gustan máis? ¿Por que?
- ▶ ¿Como adoitas participar ti nelas?



Mirada penetrante

Como vivimos as festas

En todos os tempos, o ser humano tivo a necesidade de celebrar festas.

■ A celebración como festa

Para que unha celebración sexa unha auténtica festa, é necesario:

Un acontecemento	Algún feito importante para a nosa vida.
Un grupo de persoas	Compartimos a alegría que nos produce ese acontecemento.
Unhas actitudes	Participamos con gozo, bo humor, amizade, unión.
Unhas actividades	Comida, baile, concursos, regalos, actuacións...
Un lugar	Adornámolo con luces, ambientámolo con música...

▶ Nas festas nas que participaches, ¿cales destes elementos están presentes?

▶ Ordénaos segundo a importancia que dás a cada un deles.

1

2

3

4

5



Oídos atentos

A festa da Eucaristía


A Igrexa tén tamén unha festa: é a Eucaristía.

■ 1 ■

Xesús institúe a Eucaristía e mándalles aos apóstolos que a celebren na súa memoria.

Dende entón, a Eucaristía segue sendo:

- O centro da vida da Igrexa.
- O principal dos sacramentos.
- O acto máis importante do cristián.



■ 2 ■ Significado da Eucaristía

A Eucaristía é:

1



■ Xesús, o Señor, na noite en que foi entregado, tomou pan, deu grazas. (1 Cor 11,23-24)

2

■ Polo tanto, cada vez que comedes este pan e bebedes este cáliz anunciades a morte do Señor ata que volva. (1 Cor 11,26)

3

■ Eu dou a miña vida... Ninguén ma quita, senón que a dou eu por min mesmo. (Xn 10,17-18)

■ Ninguén tén amor meirande ca o que dá a vida polos seus amigos. (Xn 15,13)

4

■ O que come a miña carne e bebe o meu sangue vive en min e eu nel. (Xn 6,53-56)

5

É unha promesa, un anticipo, como unha garantía do ceo.

- O que come a miña carne e bebe o meu sangue ten vida eterna e eu resucitareino no derradeiro día. (Xn 6,54)

6

- O que coma deste pan vivirá eternamente... porque a miña carne é verdadeira comida e o meu sangue verdadeira bebida. (Xn 6,51.55)

7

- Como hai un único pan, tamén nós formamos un único corpo, porque todos participamos dese único pan. (1 Cor 10,17)

8

- Tomade, comed, este é o meu Corpo... Tomade e bebede, este é o meu Sangue. (Mt 26,27)

9

Realízase a Nova Alianza que Cristo selou para sempre coa súa morte e resurrección.

- Esta copa é a Nova Alianza selada co meu sangue, que se verte por vós. (Lc 22,20)

A Eucaristía é:

B		N	Q		T	
	L		M		N	T
M		M		R		L
S		C	R		F	C

- ▶ Completa o cadro poñendo as vogais que faltan.
- ▶ Explica despois o sentido destas palabras.



Memoria esperta

A Igrexa celebra a Eucaristía

A Igrexa recibiu o mandato do Señor de celebrar a Eucaristía. A nós invítanos a apreciar e participar axeitadamente neste sacramento.

- ¿É importante a Eucaristía na Igrexa?
- ¿Está Xesucristo resucitado realmente presente na Eucaristía?
- ¿Que acontece cando a Igrexa celebra a Eucaristía?
- ¿Que se require para poder recibir a Comuñón?



Mans activas

Participación na Eucaristía

O domingo, "día do Señor", os cristiáns participamos na Eucaristía activamente e coas actitudes axeitadas.

<p>■ Entrada Reunímonos coma irmáns.</p>	¿Síntome unido cos demais que celebran a Eucaristía?
<p>■ Liturxia da Palabra Proclamamos a Palabra de Deus.</p>	¿Escóitooa con atención? ¿Acolloa e trato de vivir o que o Señor me di?
<p>■ Liturxia da Eucaristía Xesús faise presente no Pan e o Viño.</p> <ul style="list-style-type: none">● A Pregaria eucarística<ul style="list-style-type: none">○ sacerdote, en nome da Igrexa:<ul style="list-style-type: none">– Gaba e dá grazas a Deus.– Pide ao Pai que o Espírito converta o pan e o viño no Corpo e o Sangue de Cristo.– Realiza os mesmos xestos de Xesús na Última Cea e así faise presente a morte e a resurrección do Señor.– Ofrece ao Pai o Corpo e o Sangue de Cristo e a Igrexa ofrécese a si mesma para salvación do mundo.– Pide ao Pai por todos os membros da Igrexa vivos e defuntos.● A Comuñón<ul style="list-style-type: none">– Preparámonos co Nosopai e a paz.– Recibimos o Corpo e o Sangue de Cristo que nos fortalece para vivir como cristiáns.	¿Sei recoñecer que todo o que teño é don de Deus? ¿Adoro con respecto e amor a Cristo presente no pan e no viño? ¿Ofrezco con Xesús a miña vida ao Pai? ¿Pido por todas as necesidades da Igrexa e do mundo? ¿Rezo ao Pai con amor de fillo a oración que Xesús nos ensinou? ¿Síntome en paz con todos os que me rodean? ¿Achégome ben preparado e con respecto a recibir a Comuñón? ¿Falo con Xesús para darlle grazas por estar comigo?
<p>■ Despedida Despedímonos coa bendición do sacerdote.</p>	¿Comprométome a seguir a Xesús na vida?

- ▶ No Sagrario Cristo continúa presente, como unha prolongación da Eucaristía. A Igrexa invítanos a visitalo e adoralo.
- ▶ ¿Apreciamos a presenza permanente de Xesús nos templos das nosas parroquias?
- ▶ ¿Acudimos a visitalo, a falar con El, a pedirle a súa axuda?